



ORDENANZA FISCAL Nº 8

IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

I NORMATIVA APLICABLE

Artigo 1º

Por medio da presente Ordenanza fiscal, regúlase neste termo municipal o Imposto sobre construcións, instalacións e obras, de conformidade co establecido no RDLEG 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais.

II FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2º.

1. Constitúe o feito imponible do imposto, a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixe obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, obtivérase ou non dita licencia, sempre que a súa expedición corresponda a este Municipio.
2. Son construcións, instalacións e obras suxeitas ó imposto todas aquelas cuxa execución implique a realización do feito imponible definido no artigo anterior e en particular as seguintes:
 - a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
 - b) As obras de modificación ou de reforma que afecten á estrutura en aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
 - c) As obras provisionais.
 - d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das fincas na vía pública.
 - e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto ás obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera remoción do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou amaño do que poidera estragarse coas calas mencionadas.
 - f) Os movementos de terra tales como desmontes, explanacións, escavacións, aterrapiados, salvo que estes actos estean detallados e programados como



obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.

- g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e das valas, os andamios e os andamiaxes de precaución.
- h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa o seu emprazamento.
- i) Os usos ou instalacións de carácter provisional.

- j) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valas que teñan publicidade ou propaganda.
- k) As instalacións subterráneas dedicadas ós aparcamentos, ás actividades industriais, mercantís ou profesionais, ós servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- l) A realización de calesquera outras actuacións establecidas polos plans de ordenación ou polas ordenanzas que lle sexan aplicables como suxeitas a licenza municipal, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

III EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Artigo 3º

Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades locais que estando suxeitas ó mesmo, vaia ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións, e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

IV SUXEITOS PASIVOS

Artigo 4º

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras sempre que sexan donos das obras; nos demais casos considerárase contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.
2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non fosen os propios contribuíntes.

V BASE IMPOÑIBLE, COTA E DEVENGO

Artigo 5º

A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, do que non forman parte, en ningún caso, o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, nin tampouco as



taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas con ditas construcións, instalacións ou obras.

A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravames.

O tipo de gravame será do 2% nas vivendas unifamiliares que sexan primeira residencia, e o 2,5% nas restantes obras.

O imposto devéngase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivera a correspondente licencia.

VI XESTIÓN

Artigo 6º

1. Cando se conceda licenza preceptiva practicarase unha liquidación provisional, determinándose a base imponible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo colexio Oficial correspondente; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, de acordo co custo estimado do proxecto.

2. Á vista das construcións, instalacións e obras efectivamente realizadas e do custe real efectivo das mesmas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible a que se refire o apartado anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

VII RECADACIÓN E INSPECCIÓN

Artigo 7º

A recadación de inspección do tributo realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria, Regulamento Xeral de Recadación, demais leis do Estado reguladoras da materia e disposicións dictadas para o seu desenrolo.

VIII INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS

Artigo 8º

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como á determinación das sancións que polas mesmas correspondan en cada caso, aplicarase a Lei Xeral Tributaria e disposicións dictadas para o seu desenrolo, así como as normas do Título Sexto da Ordenanza Xeral de Xestión, Recadación e Inspección.

XIX COMPROBACIÓN E INVESTIGACIÓN



Artigo 9º

A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos na Lei Xeral Tributaria, comproba-lo valor dos elementos do feito impositivo.

Disposición final

Primeira

A presente Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día -
----- entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da provincia e comezará a aplicarse a partir do día primeiro de xaneiro de 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Segunda.- En todo o non especificamente regulado nesta Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección 5ª, da Sección 3ª, do Capítulo II, do Título II da referida RDLEG 2/2004, de 5 de marzo, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.